Bos días, amigos e amigas

Un ano máis, os homes e mulleres do Bloque Nacionalista Galego celebramos o Día da Patria para facer saber ao mundo as aspiracións de liberdade e autogoberno da nación dos galegos e galegas. Cidadáns e cidadás libres, chegados de todas as terras do noso país, que queremos dar conta do noso compromiso coa construción dunha Galiza libre e dona de seu.

Hoxe, esta praza da Quintana, ateigada como nunca por milleiros de homes e mulleres, é a mellor carta de presentación de Galiza como nación no mundo.

A Galiza que cre nas súas capacidades. A Galiza que confía nas forzas propias para construír en igualdade un futuro mellor.

Esa Galiza é a Galiza na que todos e todas nós cremos. Esa é a Patria que hoxe nos convoca.

Enfrontamos tempos difíciles, consecuencia da primeira grande crise económica da globalización. Os apóstolos do ultraliberalismo agora gardan silencio fronte a unha crise global que evidencia o esgotamento do modelo enerxético baseado no petróleo, que evidencia todo o sen sentido especulativo do sistema financeiro mundial, e que revela unha aguda crise alimentaria que condea a millóns de persoas á fame extrema. Agora gardan silencio.

Nós nunca calamos fronte ao delirio ultraliberal. O BNG nunca acreditou nesa globalización salvaxe. Fomos e somos a antítese desas políticas e representamos un modelo alternativo fronte á súa louca busca do beneficio rápido e o lucro máximo, fronte á súa política de deshumanización dos mercados e de mercantilización da vida, fronte á súa creación de economías sen raíces, deslocalizadas, negadoras dos dereitos sociais, meramente especulativas e baseadas na depredación das persoas e os recursos naturais.

Por iso fixemos nas nosas políticas no goberno galego unha aposta pola economía produtiva emendando o delirio ultraliberal e sentando as bases para enfrontar en mellores condicións as consecuencias negativas da crise. Poñemos o autogoberno ao servizo da economía real das persoas e do benestar real das persoas. Ao servizo dunha economía enraizada nas nosas capacidades e recursos naturais, confiada na capacitación do noso riquísimo capital humano e das súas iniciativas emprendedoras. Unha economía para un país e os seus cidadáns. Esa é a nosa política. Así queremos enfrontar a crise.

En 1918, con motivo da súa Asemblea Nacional en Lugo, as Irmandades da Fala deron a coñecer un manifesto no que, por vez primeira no noso país, unha organización política se cualificaba como nacionalista. Nel afirmábase solemnemente que «tendo Galiza todas as características esenciais de nacionalidade, nós nomeámonos, de hoxe para sempre, nacionalistas galegos».

As Irmandades ofrecíanse como un instrumento político para construír a nación, un proxecto para facer efectiva, como se subliñaba no Manifesto, «a súa soberanía, completa e sen cativeces». Unha proposta de acción política para poder exercer plenamente o primeiro dereito de Galiza: «O dereito fundamental a ser dona absoluta de si mesma».

Sumamos 90 anos de traballo político, de organización social e de mobilización cidadá para facer efectivo o dereito de Galiza ao seu pleno autogoberno. Por iso somos nacionalistas galegos.

Nunca coma hoxe o nacionalismo galego foi tan decisivo e tivo tantos medios políticos para facer país e atender ás demandas da inmensa maioría dos seus cidadáns e cidadás. Somos máis nación porque temos máis capacidade para tomar decisións e comprometer ás nosos institucións na construción nacional de Galiza dende un proxecto transformador.

Asumimos como parte fundamental da nosa acción de goberno a obriga de impulsar a mobilización dos recursos financeiros, enerxéticos e humanos de Galiza a favor da súa economía produtiva e da xeración de emprego e riqueza. Impulsar a nova ordenación da explotación dos nosos recursos enerxéticos e aproveitar as súas potencialidades para favorecer innovadoras estratexias de industrialización e diversificación produtiva. Asumimos como prioritario deseñar unha nova política agrogandeira e forestal para recuperar o medio rural como espazo estratéxico prioritario para o noso desenvolvemento como garantía de reequilibrio territorial e cohesión social fronte á desertización demográfica que ameaza as nosas comarcas.

¡Por certo, benvidos ao galeguismo enerxético a algúns que estes días avogan pola galeguización dunha importante empresa eléctrica agora en venta!

Son os mesmos que hai ben pouco tempo louvaban a liberdade sen límites dos mercados e acusaban ao BNG de cativismo

paduano ao reclamar o dereito de Galiza a un desenvolvemento autocentrado e a sacar proveito nacional da explotación dos nosos recursos ou por non renunciar ao dereito a vivir e traballar na nosa terra.

E é que o proxecto transformador e nacionalista do BNG está a gañar a batalla das ideas e a cambiar a historia. Co BNG por primeira vez na historia do país a produción de enerxía a través do vento vai ter un primeiro e único beneficiario: o pobo galego.

Sempre foron, son e serán as maiorías sociais as destinatarias do proxecto nacionalista. Nacionalismo e igualdade entre os pobos e igualdade entre as persoas. Tivo que ser o BNG quen convertera os servizos sociais nun dereito dos cidadáns e non unha caridade dos gobernos. Tivo que chegar o BNG ao goberno para que o Sistema Galego do Benestar empezara a ser unha realidade e as políticas de igualdade entre homes e mulleres algo máis que un alegato "progre" de campaña electoral. O noso país non está en condicións de desperdiciar

nada e moito menos o inmenso patrimonio humano que significa o 50% da poboación que existe en feminino. As políticas de igualdade son boas para as mulleres pero son boas tamén para o conxunto do país.

Construír unha rede pública de atención aos maiores e a xente dependente era unha débeda histórica cos que máis traballaron por este País e cos que máis protección precisan. E entérese señor Feijóo: Rede Pública, porque en Galiza facer negocio coa xente maior se acabou.

Seica nestes días hai quen anda preocupado polo destino último que poden ter certos terreos propiedade dalgunha empresa inmobiliaria caída en desgraza. E se especula coa posibilidade de utilizar fondos públicos para resolver o desaguisado. Sabede que mentres o BNG teña responsabilidade nesta materia, e a terá durante moito tempo, os fondos públicos só se utilizarán para asegurar o acceso á vivenda das persoas con menos recursos, para a promoción de vivenda protexida e nunca para cadrar a

conta de resultados dalgunha empresa mal xestionada.

Crer no País conleva estar orgullosos da súa identidade, da súa cultura e da súa lingua. Non somos mellores nin peores que ninguén polo feito de sermos galegos. Pero reclamamos o noso dereito a existir como pobo diferenciado e a vivir na nosa propia lingua e a iso foi dirixida a nosa política cultural: á valorización dos axentes e das industrias culturais deste País e á defensa dos seus sinais de identidade.

Hai un problema lingüístico na Galiza, ¡Claro que si: o descenso no uso e a falta de normalización do idioma galego, ese é o problema lingüístico!

Non hai causa xusta que se poda sustentar nunha mentira e falar de discriminación do castelán en Galiza non é nin bo nin malo, é simplemente mentira.

Non me estraña que o señor Feijóo lle teña tanta manía ás

Galescolas. Mentres el se dedica a darlle pulo a campañas de intoxicación lingüística ideadas en Madrid, o BNG na Xunta e concellos de todos os signos políticos, incluído o de el, dedícase a consolidar un proxecto educativo de calidade e no noso idioma. Unha vez máis gañamos a batallas das ideas.

Compañeiras e compañeiros, se podemos cambiar o Decreto Eólico, redactar unha Lei Galega de Comercio, pór en marcha o Banco de Terras e as Unidades de Xestión Forestal, aprobar o Plano Sectorial de Vivenda Protexida, crear Solo Empresarial, pór en marcha a Axencia de Industrias Culturais ou o Servizo Público de Transporte Adaptado é porque temos autogoberno. Porque temos a posibilidade de xerar políticas propias que atendan aos problemas de Galiza. Por iso, en tempos de crise o autogoberno é un instrumento de protección dos intereses de Galiza e canto máis autogoberno teñamos máis posibilidades de benestar terán os cidadáns galegos.

Crer nas nosas posibilidades como nación e construír posicións

unitarias de país é o mellor camiño para que se nos respete en Madrid.

Temos que acabar dunha vez por todas co mito de que somos un país subsidiado, pobre, sen capacidade para xerar ingresos que cubran os nosos servizos públicos. Hai que desfacerse da imaxe distorsionada e falsa que de nós queren construír dende Madrid, sexa utilizando as balanzas fiscais ou o modelo de financiación.

¡Un modelo moi pavero! A ti, a ti, e a ti, a partir de mañá eu, Papá Estado, voume quedar co 50% do voso soldo mensual e cando esteamos na segunda quincena do mes e teñades a auga ao pescozo para poder enfrontar os vosos gastos familiares, non vos preocupedes, que o voso Gran Pai vos irá dando pouco a pouco unha parte dese 50% para que vaiades tirando! Iso si, previo recoñecemento por todos vós da miña gran solidariedade. E que España é así de xenerosa e vós irredentos nacionalistas non o queredes recoñecer.

Nin o Estado é solidario, nin Galiza é unha nación pobre. Somos unha nación rica en posibilidades e recursos e queremos autorresponsabilizarnos co noso futuro.

*Vamonos todos unir*
*Matando rencores cegos*
*Que na unión dos bos Galegos*
*Está da Patria o porvir*

Curros dixo.

E cen anos despois da morte do poeta do pobo, o BNG recolle a testemuña política do seu desexo.

Unir ao pobo, unir ás forzas políticas galegas para construír posicións de país, está a ser unha das tarefas fundamentais do nacionalismo galego para conseguir sermos respectados como nación.

Custou pero conseguimos a unidade para reclamar a

transferencia de tráfico e seguridade vial. Tivemos que empregar paciencia e renunciar mesmo ao que o BNG tiña lexítimo dereito para conseguir a unidade necesaria na xusta reclamación de infraestruturas en tempo e forma para Galiza. Cada vez que construímos unha posición unitaria nas forzas políticas galegas para reclamar a Madrid os nosos dereitos somos un pouco máis nación. E un goberno democrático non pode negarse eternamente á reclamación unánime dun país. Sobre todo se como di coróalle tanto o talante.

En máis dunha ocasión temos escoitado como Madrid despacha calquera desexo de mellora do autogoberno das nacións do Estado cunha negativa baseada no argumento de que tales melloras só poden ser aceptadas se van acompañadas de consenso social e político e cumpren estritamente os cauces legais.

Reclamamos que nos apliquen inmediatamente esa receita porque cumprimos sobradamente as dúas condicións. Se polo

contrario seguen negándose en Madrid a que Galiza teña policía propia ou a crear a Comisión Bilateral de seguimento das obras do AVE teremos que concluír que o que utilizan con Euskadi, Cataluña ou Galiza para negarlle o seu autogoberno non son argumentos senón coartadas inadmisíbeis en termos democráticos.

Que outra cousa que coartada é utilizar a crise para pór en cuestión, baixo corda, as políticas sociais e para anunciar coa lingua pequena o enfriamento orzamentario dos investimentos en infraestruturas.

En pouco tempo vannos vir coas rebaixas. A crise será a coartada para desculpar todos os incumprimentos dos compromisos adquiridos con Galiza, pero que se desenganen, Galiza nunca máis pagará a crise das malas políticas doutros. Nunca máis Galiza lles sairá barata. Teño total convencemento de que teremos Comisión de Seguemento, porque como dicía Curros: *"Na nosa unión está o porvir da Patria"*

Gañar a batalla das ideas é o primeiro paso para gañar as batallas electorais. E de esas tamén temos. Neste último ano, libramos batallas políticas e electorais que puxeron a proba ao Bloque Nacionalista Galego. Batallas políticas, absolutamente desiguais nos recursos electorais dispoñíbeis e absolutamente desfavorábeis para o BNG debido á polarización bipartidista á que se entregaron os grandes grupos de comunicación.

Nas eleccións xerais do pasado 9 de marzo non só refrendamos a presenza parlamentaria do BNG. Fixemos moito máis: preservamos a capacidade de Galiza a decidir e derrotamos o modelo bipartidista que alentan o Partido Popular e o PSOE, un modelo que nega a forza decisoria de Galiza na política do Estado.

Perdeu o bipartidismo e gañaron os galegos e galegas que entenden que é necesaria a presenza do nacionalismo galego para situar os intereses galegos no primeiro plano do debate

político, para poder condicionar positivamente e influír de xeito determinante nas decisións estratéxicas do Goberno do Estado en beneficio do noso país e do noso autogoberno.

Un triunfo político e electoral que foi posíbel grazas á confianza que depositaron en nós milleiros de galegos e galegos que creron en Galiza e non na simplificación bipartidista. Unha vitoria da imaxinación democrática e do pluralismo, un novo triunfo de Galiza que foi posíbel grazas a vós, grazas ao traballo e a entrega dos militantes e simpatizantes do BNG, grazas á nosa vontade e á nosa resolta decisión de que Galiza nunca máis retorne ás políticas do pasado.

Amigos e amigas, esta masiva concentración cidadá de hoxe é un novo éxito e inaugura unha nova etapa do noso traballo político. Quero convocarvos para un traballo ilusionante nos próximos meses que nos permita marcar unha nova fronteira para o nacionalismo galego. Con valentía, coa convicción propia dos que cren no que fan, coa capacidade de sedución dos que

aman o País. O grande reto que nos toca enfrontar é construír unha nova maioría social galeguista en torno ao BNG como apoiatura dun novo goberno e do Novo Estatuto de Nación que Galiza precisa facer realidade en 2009.

Unha nova maioría que queremos facer posíbel sumando as vontades de todos e todas as galeguistas, de todos os galegos e galegas que cren nas posibilidades de Galiza para autorresponsabilizarse do seu presente e do seu futuro.

O galeguismo sinala nitidamente a liña da fronteira respecto daqueles que pensan que Galiza só ten futuro como unha administración descentralizada e supeditada ás directrices do Estado e daqueles outros que cren que Galiza é unha realidade histórica que unicamente ten pasado.

Somos un país con historia, pero Galiza ten un autogoberno presente que é un instrumento para construír o noso futuro en termos de benestar, desenvolvemento produtivo e normalización

cultural. O proxecto de presente e futuro do noso país defínese ao redor de todos os galegos e galegas que cren e confían nas capacidades de Galiza.

Esa maioría galeguista e nacionalista, á que queremos dar expresión política e representación institucional, confía e sabe que para ser algo hai que querer algo, que non hai avances se non hai vontade de avance, que non hai transformación positiva da realidade sen un esforzo consciente por mudar a realidade. A maioría galeguista non está disposta a diluírse no silencio e a pasividade.

Unha maioría cidadá sabe que Galiza necesita dun Novo Estatuto para seguir ampliando as súas liberdades e dereitos como fundamento dunha nova cidadanía e da nosa nación.

O consenso é a materia prima coa que queremos deseñar o Novo Estatuto como instrumento de construción da Galiza do século XXI. Consenso integrador que debe construírse mirando aos

ollos á xente, atendendo ás súas demandas e facendo realidade os seus soños. Consenso galego no que todos teremos algo que dicir e que non atenda a instrucións nin estratexias de Ferraz ou Génova.

Compañeiros e compañeiras, son moitos os galegos e galegas que saben que no BNG reside a auténtica forza do goberno galego. Que somos o motor das políticas innovadoras e de transformación social, cultural e económica do país. Que é o BNG quen achega unha nova forma de gobernar. Que é a acción institucional do BNG a que permite avanzar nunha relación de ti a ti co Estado para o recoñecemento das nosas demandas e dereitos nacionais. Somos a forza do goberno e unha forza imprescindíbel para o goberno da nación dos galegos e galegas. Nós non nacemos para ser complemento de ninguén nin ser bisagra en ningún modelo multipartidario. Nacemos para liderar o País e a única porta da que queremos formar parte é da que conduce á liberdade soberana de Galiza.

E hai unha ecuación clara, hoxe perfectamente comprensíbel para a maioría dos galegos e galegas. Canto maior sexa a representación do BNG no próximo parlamento galego maiores serán os recursos financeiros, maiores as competencias e máis soberanas as capacidades decisionais que recolla o Novo Estatuto. Un goberno liderado polo BNG é un mellor goberno para o país.

Teño para min que os que cremos en Galiza somos maioría e sobre esa maioría entendo que debe asentarse o futuro goberno do noso país.

Para darlle voz a esa maioría iniciamos hoxe a maior campaña de convencemento, sedución e ilusión emprendida nunca polo nacionalismo galego. Fagámolo confiando nas nosas forzas, dedicación e ideas.

Ánimo e adiante.

Viva Galiza Ceibe.

Santiago de Compostela, 25 de Xullo de 2008

Portavoz Nacional do BNG